

3.<sup>a</sup> edición do ciclo de

# CINEMA

*A lingua galega no cinema*



Entrada de balde ata completar a capacidade

**Marzo e abril de 2026**  
Auditorio do Parque Nacional das Illas  
Atlánticas de Galicia (Edificio Cambón)  
Rúa da Oliva, núm. 3, Vigo

Desenho: Área de Imaxe, Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

3.<sup>a</sup> edición do ciclo de

# CINEMA

## *A lingua galega no cinema*



Entrada de balde ata completar a capacidade

Marzo e abril de 2026  
Auditorio do Parque Nacional das Illas  
Atlánticas de Galicia (Edificio Cambón)  
Rúa da Óliva, núm. 3, Vigo

Universidade de Vigo

### *Antesala*

23 de marzo, ás 19.00 h

**Ramón Otero Pedrayo. Dereito á paisaxe**

Ano 2026. Duración: 40 min

Documental realizado no Ano Oteriano que explora o profundo vínculo do escritor ourensán co contorno galego.

Intervén: María José Bravo Bosch (directora do documental)

Modera: Simone Saibene (organizador do ciclo)

### *A lingua da literatura*

8 de abril, ás 19.00 h

**O meu ilustrísimo amigo**, de **Paula Cons**

Ano 2025. Duración: 80 min

No século XIX, Emilia Pardo Bazán e Benito Pérez Galdós viven a súa vehemente historia de amor e creatividade. Nas apaixonadas cartas que intercambian, as palabras convértense na clave da súa conexión e desafían as barreiras do convencional e do establecido.

Intervén: Paula Cons (cineasta)

Modera: Simone Saibene (organizador do ciclo)

### *A lingua da historia*

15 de abril, ás 19.00 h

**San Simón**, de **Miguel Ángel Delgado**

Ano 2025. Duración: 108 min

A historia sitúase en outubro de 1936. O réxime de Franco crea máis de trescentos campos de concentración por toda España. San Simón destaca pola súa insularidade. O réxime converte o antigo lazareto nun lugar de morte. Sete anos despois, Lamas, un preso da illa, lembra a historia dos homes e mulleres que, coma el mesmo, sufriron a represión neste enclave da costa galega.

Seleccións e premios: estrea no Festival de San Sebastián 2025. Finalista aos Premios Mestre Mateo 2026. Premio Mellor Filme no Ourense Film Festival (OUFF)

Intervén: Miguel Ángel Delgado (cineasta)

Modera: Simone Saibene (organizador do ciclo)

### *A lingua da animación*

22 de abril, ás 19.00 h

**Decorado**, de **Alberto Vázquez**

Ano 2025. Duración: 89 min

Arnold é un rato de mediana idade atrapado nunha crise existencial. O seu matrimonio esmorece, a súa vida parécelle absurda e empeza a sospeitar que todo ao seu redor é unha gran farsa. Longametraxe baseada na aclamada curta homónima do propio Alberto Vázquez de 2016.

Seleccións e premios: Premio Forqué 2025. Premios Días de Cine 2025. Finalista aos Premios Mestre Mateo 2026. Finalista aos Premios Goya 2026

Intervén: Pamela Poltronieri (directora da animación do filme)

Modera: Simone Saibene (organizador do ciclo)

### *Curtametraxes galegas*

29 de abril, ás 19.00 h

Unha selección das curtametraxes galegas máis premiadas dos últimos cinco anos. A cargo do crítico de cine e programador Severiano Casalderrey xunto con Simone Saibene, organizador do ciclo.

**Hippocampus**, de **Xaime Miranda**

Ano 2025. Drama fantástico. Duración: 15 min

Tomás, un ancián atrapado no recordo dunha tarde con Marta, o seu amor platónico, utiliza un dispositivo experimental para revivir ese momento e enfrontar os seus arrepentimentos.

**Patios de luz**, de **Fran Rodríguez Casal**

Ano 2024. Documental. Duración: 13 min

*Patios de luz* é unha viaxe, un diario de vida, sobre a emigración rural ás cidades. O camiño que vai dende a aldea ao barrio dunha cidade é o punto de partida, dende os eirados ata os patios de luces.

**O corpo de Cristo**, de **Bea Lema**

Ano 2025. Animación. Duración: 13 min

Un demo rolda a casa de Adela, acosándoa e facéndolle dano. Isto lévaa á consulta do psiquiatra, onde a medicación se presenta como o remedio absoluto a todos os seus problemas.

**Delincuente**, de **Alba Domínguez Serén** e **Nuria Vilán Prado**

Ano 2024. Ensaio filmico. Duración: 13 min

A través do recordo de La Maradona, a líder dunha banda de delincuencia xuvenil viguesa dos anos oitenta, Nuria Vil constrúe un universo poético no que mestura o imaxinario do cinema quinquí coa historia obreira da cidade de Vigo para chegar ao presente algunhas referentes da literatura galega contemporánea e unha vindicación potente do colectivo LGBTIAQ+.

**Adeus, Berta**, de **Fernando Tato**

Ano 2025. Drama. Duración: 18 min

Alicia chega á casa dos seus pais na Pobra do Caramiñal, unha vila costeira de Galicia, para elixir a roupa que levará a súa nai no velorio. Alí reencóntrase coa súa irmá Berta, que acaba de saír do centro de rehabilitación onde está ingresada.

Interven: todos os directores e directoras das curtametraxes

Modera: Severiano Casalderrey (programador e crítico de cinema)